



No marco das actuacións centradas na prevención para conter o contaxio da enfermidade por coronavirus COVID-19 tomáronse as seguintes decisións:

1.- Xornadas de portas abertas en hospitais/centros para futuros residentes:

Anúlanse de forma presencial. Con todo, poderíanse realizar presentacións dos centros de forma virtual con vídeos, información na internet, etc.

2.- FORMACIÓN PREGRAO E MÁSTER

1) Prácticas de grao e de máster e prácticas de ciclos formativos de universidades galegas: as prácticas que se realicen en calquera centro sanitario de Galicia por parte de estudantes de graos, másters ou titulacións de ciclo formativo suspéndense durante 15 días. En función da evolución da situación valorarase se se prorroga ou non esta suspensión.

2) Prácticas de grao de universidades de fóra de Galicia (nacionais e estranxeiros):

- Novas solicitudes - Suspéndese a súa tramitación ata nova comunicación.
- Autorizadas e non iniciadas -Suspéndense ata nova comunicación, todas as prácticas que se van a iniciar durante os meses de marzo e abril de 2020.
- Autorizadas e iniciadas - Continúan mentras a universidade do centro de orixe ao que pertencen non determine o contrario, o que se deberá comunicar por escrito ás comisións de docencia e deberase trasladar á ACIS.

3.- FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA (RESIDENTES)

1) **Rotacións de residentes (centro de orixe: centros de Galicia):**

- Novas solicitudes - Suspéndese a súa tramitación ata nova comunicación.
- Autorizadas e non iniciadas – Suspéndense todas as rotacións que se vaian a iniciar durante os meses de marzo e abril de 2020.
- Autorizadas e iniciadas - Continúan mentres o centro de destino ou de orixe ao que pertencen non determine o contrario, o que se deberá comunicar por escrito ás comisións de docencia e deberase trasladar á ACIS.

2) **Rotacións de residentes (centro de destino: centros de Galicia):**

- Novas solicitudes - non dar autorizacións por parte das comisións de docencia para rotacións que se inicien nos meses de marzo e abril. En función da evolución da situación valorarase se se prorroga ou non esta suspensión.



- Autorizadas e non iniciadas - Suspéndense todas as rotacións que se vaian a iniciar durante os meses de marzo e abril de 2020.

- Autorizadas e iniciadas - Continúan mentres o centro de orixe ao que pertencen non determine o contrario, o que se deberá comunicar por escrito ás comisións de docencia por parte do centro de orixe e deberase trasladar á ACIS.

3) Estancias formativas de estranxeiros en España:

- Novas solicitudes para o segundo semestre do 2020 - están paralizadas polo Ministerio por motivos de avaliación do procedemento actual.

- Estancias formativas autorizadas para o primeiro semestre de 2020, pendentes de incorporación - Suspéndense todas as rotacións que se vaian a iniciar durante os meses de marzo e abril de 2020. As persoas afectadas deberán notificar esta circunstancia a estanciasformativas@mscbs.es.

- Estancias formativas autorizadas para o primeiro semestre de 2020, pendentes de autorización (pendentes de resolver polo Ministerio) - Suspéndese a súa tramitación por parte do Ministerio. Contactarase por parte do Ministerio coas persoas que se atopen nesta situación.

- Estancias autorizadas e iniciadas - Continúan mentres o centro de orixe ao que pertencen non determine o contrario, o que se deberá comunicar por escrito ás comisións de docencia por parte do centro de orixe e deberase trasladar a ACIS.

4.- FORMACIÓN CONTINUADA

Suspéndense os cursos presenciais e mixtos que se realicen en calquera centro sanitario de Galicia durante o mes de marzo. En función da evolución da situación valorarase si se prorroga esta suspensión.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2020.

Xerente do Servizo Galego de Saúde.

Xerente da Axencia de coñecemento en Saúde

Antonio Fernández Campa-García Bernardo.

Beatriz Allegue Requeijo.

